



servicios | biblioteca virtual | deputación lugo | webmail



ACTUALIDAD

ULTURA
 DEPORTES
 ECONOMÍA
 ESCA
 POLÍTICA
 SOCIEDAD
 TECNOLOGÍA
 TURISMO
 ARCHIVO/NOTICIAS
 ARCHIVO/NOTAS
 REOS REMITIDOS
 OPINIÓN
 SENDA

PORTALES

ociaciones
 tomoción
 untamientos
 imino de Santiago
 mnicación
 ltura
 npleo
 npresas
 rias
 illegos
 ituciones
 ventud
 tras Galegas
 mana Santa
 rismo
 ebsgalicia

SERVICIOS

ernet Galicia

ENLACES

tiempo
 rreos
 ipas Galicia

SS 2.0



Opinión en Galicia

Buscador

 autor opinión

Editorial

Ver todos los editoriales »

Archivo

Lendas de Nadal

jueves, 26 de diciembre de 2013

O ciclo de Nadal conta na nosa terra cunha abundosa literatura popular: cantos de nadal, vilancicos, cantos de aninovo e de reis, romances, cantigas... Hai tamén varias lendas na nosa terra que falan do paso da Sagrada Familia cando fuxía da persecución do rei Herodes. Algunhas delas están relacionadas con vilas asolagadas e convertidas en lagoas nas que, en determinados días, se senten tocar as campás; pero hai outras máis sinxelas coma estas que se recollen a continuación.

1) Collantres é unha parroquia do concello de Coirós, na provincia de A Coruña. Pois o nome de Collantres vén de cando pasou por alí a Sagrada Familia e a Virxen María pediulle a unha muller unha laranxa para o Neno, que tiña moita sede. A mulleriña díxolle:

- Collan tres.

2) As ovellas non berran cando as matan porque cando os soldados de Herodes perseguían ó Neno Xesús, preguntáronlle a un pastor se sabía onde nacera Xesús e entón unha ovella berrou: ¡Beléeeen, beléeeen!. Por iso, como castigo, non berran cando as matan.

3) Contan que cando a Sagrada Familia fuxía para Exipto, os perseguidores viron nunha póla dunha árbore a un chaschás e a un pimpín ós que lles preguntaron se vira pasar por alí a unha muller cun neno pequeno e a un home. O chaschás contestou:

- Chas, chas por aí ben vas.

En troques o pimpín respondeu.

- Pin, pin, eu por aquí non os vin.

De aí vén que a xente mire con simpatía ó pimpín e con certo recelo ó chaschás (chasco)

4) O río Miño, cando pasa pola cidade de Lugo, baixa manseliamente, sen facer ningún ruído, a pesar das présas e dos caneiros. ¿Sabedes por que? Porque cando pasou por Lugo a Sagrada Familia a Virxe díxolle ó río:

- Cala, río Miño, cala, non me espertes o meu Neniño.

Unha variante desta lenda sitúase en Palas de Rei onde a Virxe lle dixo ó río Roxán:

- Cala, río, cala, non despertes o meu pequeniño que está durmindo moi acurucadiño.

Outra variante aparece en Piegaponte (A Pontenova) por onde pasa o río Eo. Cando pasou por alí a Virxe co Neno durmindo, oíndo que o río facía moito ruído, a Virxe díxolle (por certo, coa variante dialectal do bloque oriental):

- Non soes, riín, riín, non me despertes o meu nenín.

5) A Virxe estaba lavando os pañais do Neno e, nun descuido, escapoulle un polo río abaixo. Prendeuno unha silva e tróuxollo á beira e, desde aquela, a Virxe bendiciu todas as silvas.

Compartir 1



Villares Moureira, Félix
 ver todas

BIBLIOTECA VIRTUAL DE GALICIA DIGITAL



Entre Lusco e Fusco

Xosé María Gómez Vilabella

[ir a bibliotec](#)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

- O Goberno da Deputación mellora con 336.000 euros servizos públicos en Guitiriz, Palas de Rei, A Fonsagrada e Samos
- Portomarín e Lugo acollen as derradeiras actividades fluviais gratuítas do Goberno da Deputación
- Mañá abre a solicitude das 185 prazas só para lucenses do VI Volante Deputación, que optarán ao Rally San Froilán



PUBLICIDAD



ACTUALIDAD GALICIA DIGITAL



La Escuela de Organización Industrial y la Secretaría General de...



PUBLICIDAD



el
 el tiempo en A Coruña